

DEFENSA DAS MULLERES

ENRIQUE LABARTA POSE

INTRODUCCIÓN

¡Ouh insine Feijó! Que as mil erranzas
da inoranza combates,
i antre elas a tan grande e descotida
de que as mulleres para moi pouco valen.
Si ti, que delas por sagrado voto
pra sempre te apartache,
fuxindo da pasión que amor se chama
e que foi heredada dalgún ánxele,
a defendelas sales con empeño
nun descurso brillante,
¿que defensa eu faría,
Que ameí sin tino, polo mundo a escape,
si contara co teu entendemento
e soupera falar como ti sabes?
¡Mais, non me arredro! ¡A entención é boa
i así pensó que Dios ha de axudarme!
¡Falar eu quero pois, anque na boca
alguén me poña a man para que me cale!

¡Ingratos homes! Vós que nas mulleres
de bo nada atopades,
sin ver, que moitos de vosoutros tedes
no celebros tan soilo un pouco de aire.
Vós, que a súa virtú poñés en dúbida,

a súa perfeución botás ó traste,
a súa gran tenrura descotides
i o seu entendemento limitades.

Vós que a que Dios por compañeira douvos
de fatigas e grorias e pesares,
tornás escrava, e téndela no mundo
cal moble inútil que pra nada vale.

Mirade da conciencia un pouco dentro,
contede o voso orgollo i escoitame:
¡Ai, muller era, quen vos arrolaba
ó compás de docísimos cantares,
aló naqueles tempos venturosos
que, para nunca voltar, por sempre vanse!

¡Era muller, aquela que sentada
da vosa cuna á beira, alí constante
as noites todas se pasaba en craro
cravado o corazón de parte en parte,
cando por freve atrás xa consumidos,
ca morte i o delor quizais loitábades!

¡Muller, a que en vosoutros a semilla
puxo do que hai na terra de máis grande
i as oracións, de nenos, ensinados
que tarde ou nunca poden olvidarse!

¡Muller, a vosa nai: Nome bendito
que a un mundo de tenrura as portas abre!

¡Descobride a cabeza, homes ingratos
que a tódalas mulleres despreceades,
i enantes de ferilas, acordaivos,
de que o son vosas nais, ¿i as nais son ángeles!

COMPARANZA ENTRE OS HOMES E AS MULLERES

Ós homes i ás mulleres eu intento,
meu cativo traballo escomenzando,
nestas tres perfeucións ir comparando:
Moralidá, hermosura, entendemento.
¡Musa, pois eres femia, dáme alento!
¡Mulleres, meu cantar ide inspirando!
¡Pruma, femia tamén, vaime axudando
i aliñas pra correr pídello ó vento!
Eu non quero falar de tal maneira,
que á muller erixindo pedestales,
ós homes deixe na última ringleira;
soilo as virtús i os vicios principais
de amos, barutarei cunha peneira
pra mostrar, que as fariñas son eguales.

PRIMEIRA PARTE

MORALIDÁ

I

Algún autor, da muller
di sentenceando, que encerra
alá dentro do seu ser,
todo canto pode haber
de máis malo, acó na Terra.

I ós homes pon por moi bos,
quen tales pestes acopia
da muller, con rábea atrás;
¡que é moi fácil, vive Dios,
Sentencear en causa propia!

Que se á muller se chamara
pra que, con tino e concéncia
esta cuesteón ventilara...
¡Outro galo nos cantara,
i ó rivés fora a senténcea!

¡Mulleres, con mil coidados,
Os homes téñenvos postas
Nos sitios máis adiantados...
i así tódolos pecados
van colgándovos ás costas!

Eva a culpa, e non a ten,
da nosa perdición leva,
que Adán causounos tamén,
¡pois non lle mandou ninguén
siguir os consellos de Eva!

Si ela lle diu a mazán,
de dicilo non me arredro,
por burro, papouna Adán:
(¡Tanta culpa tivo Xan
como culpa tivo Pedro!)

¡A perda de España, din
que a Cava foi! ¡Cousa brava!
Eu, ó rivés o entendín,
pois don Rodrigo, para min,
foi o que perdeu a Caba!

¡Pobre muller, con rigor
tratándoches a crúa sorte
sempre che carga o pior!
¡I é que no mundo traidor
leva a palma, o que é máis forte!

¡Si por un home enganada,
ves rachar da túa historia
a páxina máis sagrada...
ti, quedarás despreceada,
i el, irá cantando gloria!

¡l aquel que arrastrando ves
teu honor do mundo ó cabo,
ese... é o primeiro que tes
acuruxado ós teus pés
como si fora un escravo!

Homes, que delas falades
sin trégoa nin compasión,
¿que bondades esperades
daquelas ás que causades
a deshonra e perdición?

E ti, que a muller maltratas,
¿que frutos recoller queres,
si a pranta secas e matas?
¡Que me den homes sin chatas
i eu darei boas mulleres!

¡Ás probes fama tamén
de marmurantes lles dan!
¡E cantos homes se ven,
que sin respeito a ninguén
os cretos luxando van!

¿Muller segreda? Hai quen diga
i o asegure com'o credo,
que un anuncio a dar se obriga,
só... con decirllo a unha amiga
en moitísimo segredo.

¡Cantas mulleres viviron
que tal segredo gardaron,
que por el morte sufriron!
¡E cantos homes se viron
que polo medo falaron!

Pois no mundo de pesares,
homes e mulleres, Dios
sin distinción, a millares
puxo, malos, regulares,
algo millares e bos!

II

De cantas virtudes
levan as mulleres,
a santa aureola
ceñida na fronte,
¡cal coroa de estrelas brillantes
que lus branca espallan na altura celeste!

Xunt'o noso lado
camiñando sempre,
endolzan a vida
e vóltana alegre,
¡i á prodencia e constanza dos homes,
sencillas e doces, axuda lle ofrecen!

Elas, a nosa vida
de nenos, protexen.

Cando mozos, dannos
gorias e praceres.

¡E de vellos, coas pernas arrastro,
dos probes tollidos o corpo sosteñen!

¡Elas, compasivas
a man sempre tenden,
ós que sin amparo
neste mundo vense;
e, con voces de amor e consolo,
as bágoas enxugan, dos probes i os débiles!

¡A nosa existencia,
tan triste e tan breve,
máis triste sería
n'habendo mulleres!
¡Que elas son reiseñores benditos
que a terra de notas docísimas enchen!

Elas, anque os homes
as chaman endebres,
moitas veces deron
proba de valentes:
¡Artemisa, Semiramis, Clecia,
Zenobia e Thomiris, salide ó palenque!

¡E ti, Pita insine
que o sitio ós ingleses
da Cruña, teu pobo,

levantar fixeche,
¡sal da tomba, i a fama gloriosa
do teu grande nome, polo mundo estende!

¡Cando o paradiso
i as glorias celestes,
a muller primeira
deixaba pra sempre,
apiadado quizais dela un ánxele,
un bico amoroso prantoulle na frente!

¡Ó sentir o alento
Soavísimo e ténue
daquel ser divino,
sobíulle quente,
certo cor polo rosto, así como
de rosas que caen enriba da neve!

Dende aquel instante
tódalas mulleres,
o tal cor de rosas
no seu rostro senten
que do corpo lles sobre fervendo,
¡si a ver chegan algo, que o bico lles lembre!

¡Ese cor bendito
que as mulleres teñen,
chámase <<vergonza>>
i os segredos vende!

¡Da muller coalidade preciosa,
que nunca máis volta, si unha vez se perde!

III

Dedicar quero un recordo,
aunque non sea moi grande,
a unha crase que hai na terra
cen mil veces respectable;
escoitame os que ás mulleres
toda virtú lles negades:

¡Hai no mundo un ser bendito,
non sei si muller ou ánxele
que consagra a vida enteira
ó ben dos seus somellantes!
¡Que renúncia dos praceres
pra vivir antre os pesares!
¡Que o seu propio amor ulvida,
polo amor da humanidade!
¡Que sempre ó lado da morte,
da vida o precio non sabe!
¡Vese, nas feras batallas,
axuda e consolo dándolles
a eses héroes inorados,
que antre o fogo do combate
botando sangue do peito
no chan morebundos caien,
lonxe dos país e da patria,
e sin ninguén que os levante!

¡Vese, xunt'á cabeceira
dos que aló nos hespitales,
morren do mundo ulvidados
antre sombra e süidades!
¡A ben morrer os axuda,
e cando do mundo vaise
o probe do enfermo, chora
por quen non chorará nadie!
¡Vese, cuidando a esos nenos
endebres e miserabres,
que nunca tiveron nais
que na cuna os arrolasen,
nin aprenderon a amar,
porque non hai que os ame!
¡Probre, humilde, a vista baixa,
paso polo mundo se abre,
ca fe en Dios no curazón
i a modestia no sembrante!
¿Sabedes como se chama?
Pois... ¡A irmán da caridade!

SEGUNDA PARTE

HERMOSURA

I

¡Ouh físicos que negades
da muller, as perfeicións,
pero que en cámbeco ós varóns,
perfeutos considerades!
Cegos ou tolos estades
com'unha e dúas son tres;
¡de gosto nada entendés,
i abofé, si sodes raros!
¡Que abonda ter ollos craros
pra ver que é todo ó rivés!

Dicís tamén, ca enteireza
de todo un sábeo profundo,
que vén a muller ó mundo
por erro da natureza.
¡Ouh falades sin cabeza
ou sabedes máis que Dios!
¡Eu direivos, anque atrás
cara me poñás de can,
que os que neste mundo están
por erranza... sodes vós!

Si, com'un sábeo asegura,
o día do gran xuício
por non deixar ningún vicio

Dios na humana criatura,
pra ir ó ceo sexo e figura
de toda muller cambeara,
algún home que mirara
tal revolta... ¡Poisa ser,
que só por topar muller
adrede se condenara!

Tamén di un doutor, (e mente)
que Dios con sabedoría,
varóns sin femias faría
no paradiso samente,
si é que no estado inocente
siguise o xénero humano.
¡Cala! ¡Pois ti, sábeo vano,
queres, con atrevemento
ler de Dios no pensamento,
e descubrir un arcano!

Homes, con tono imparcial
eu de vós e das mulleres
vou a dar dous pareceres,
si non mo tomás a mal.
Cada sexo por igual
é no seu modo perfecto,
¡que se os homes no concepto
da robustés son millores,
en bonitura, señores,
é a muller quen gana o preito!

Que Dios, tan ben ordenou
tanto canto o mundo encerra,
que nada inútil na terra
o seu gran xenio botou;
i a ningún sexo deixou
de físicos dons queixoso,
pois con pincel prodixioso
pintou, a todo primor,
nelas, redondez e cor,
neles, forza, altura i oso.

II

Moitos da bonitura
tercos sosteñen,
que pra tentar ós homes
tan soilo serve;
e din, que o demo,
das mulleres bonitas
métese drento.

Os que eso din, non saben
que neste mundo,
é todo relativo
punto por punto.
¡Non marra o conto!
¡Que na terra de cegos
son reis os tortos!

I aunque as mulleres todas

fosen ben feas,
perderíanse os homes
tamén por elas.
Quizais conformes
En que... ¡Val máis pan dur
que pedras moles!

! así é millor que seian
todas bonitas,
pois ó menos, hai onde
poñer a vista;
¡i o que por unha
a condenarse chegue
ten máis desculpa!

¡Dios, a costela un día
de Adán rachando,
meteuna nunha artesa
de ouro e topacios,
i alí amasouna
con cachiños de estrelas,
pelras e rosas!

Logo, cun anaquiño
daquela masa,
fixo a muller primeira
vertendo gracias;
¡n'era pra menos,
Dios estaba aquel día

de moi bo xenio!

¡Así que Adán, despertó
do longo sono,
viu a muller ó lado,
tembrou de gosto!
¡Quizais ó vela,
coidou que era algún ánxele
de aliñas crebas!

Mulleres, eu presumo
que Dios vos fixo
pra alegrar os verxeles
do paradiso!
¡Nin cabe dúbida
que a terra en ceo converte
vosa hermosura!

TERCEIRA PARTE

ENTENDEMENTO

I

É un erro atrás do varonil orgollo
o negar á muller entendemento,
e con bulra dicir que soilo serve
pra gobernar con tino un galiñeiro.

¿Por que con tal acerto se asegura?
¿Que razóns hai en pro do forte sexo,
pra que, dándolle así tanta ventaxa,
se teña por máis sábeo e máis esperto?

En vano os homes por probalo inventan
argucias sobre argucias, todo a eito,
que contra a hestoria i esperencia baten,
cal contra as rocas, o impotente vento.

E de organizacións, en vano falan,
pois non pode saber ninguén de certo
as que pra discorrir están máis autas,
as que prá ciencia son incultos ermos.

¡Hasta argumentos moitos sábeos buscan
na brandura das frebas do cerebro!
¡Como si da dureza dependese
o quid divinum que acompaña ó xenio!

¿Quizais porque as mulleres non estuden
aititú pra estudar lles negaremos?
¡Non, as poucas que a estúdeos se dedican
a moitos homes gañan en proveito!

¡Que as almas fixo Dios todas eguales
e cando foi o enxenio reparteando,
sin mirar se eran homes ou mulleres,
ós uns botoulles máis i ós outros menos!

¡E si a muller lucilo pouco pudo,
a culpa soilo os homes a tiveron,
que fechándolle o temporo de Minerva
non lles deixaron nel tomar asento!

¡Hoxe empeza a brilar a nova aurora
i a muller xa recobra os seus dereitos!
¡A endebre escrava das antígoas razas
pouco a pouco as cadeas vai rompendo!

¡Cristo, a egualdá de todos predicando,
á obra da redención doulle escomenzo,
e co peso da idade á tomba rolan
as cativas ideas doutros tempos!

¡Hoxe a muller si ó seu pasado volta,
da hestoria ve no fondo polvorento,
sombras, escravitú i horas eternas
de suidades, delores e desprecios!

E soilo, alá de ves en cando, mira
do ermo sin fin antre os escuros termos,
outras que atrás lle berran: <<¡Redemámonos!>>
con vista erguida e poderoso acento.

I ó porvir a mirada tende logo,
i antre raios de lus, dille o porgreso:
<<¡Eres libre muller i igual ós homes,
hoxe a cencia para ti non é un segredo!>>

II

Mulleres que correndo a terra vades
deixando tras de vós rastos de gloria
e con paso lixeiro camiñades
ó sacro tempore de eternal memoria.
Vós, as de ilustre xenio, que atopades
nome inmortal nas páxenas da hestoria.
¡Escoitá todas miña voz i unidas
desfilade ante o mundo orgollecidas!

Vexo artistas, insines escritoras
que ó mundo deron produciós divinas,
grandes e admirables oradoras,
políticas astrutas i heroínas;
¡i antre as reinas da cencia proteutoras,
miro do mar nas augas arxentinas,
a gran Sabela que a Colón escuda
e inotos mundos a topar lle axuda!

¡Da nosa España, un fato de mulleres
escritoras e sábeas se levanta!
¡Coleución rica de benditos seres,
que do porgreso en pos moven a pranta!
Cecilia Bóhl, Igual, Foyá e Roseres,
a latina Beatriz, Teresa a Santa.
E mil que calo, progan, en concencia,
que prá muller tamén se fixo a cencia.

¡Galicia, miña patria, canta a coro
a unha muller que lle infundiu alento!
¡I a poderosa voz do mar sonoro,
dos pinos o monóteno lamento,
do rego o marmurar, da fonte o choro
din todos a compás con brando acento,
lembrándose da doce Rosalía
que naciú a muller prá poesía!

¡Ouh vós, as que hoxe o mundo ademirando
na mente o xenio rebolir sentides
i a paso de xigante camiñando,
da groria a costa con valor subides,
si estas cativas liñas escoitando,
o voso nome pronunciar n'ouvides,
é porque eu poñer diante non quixera
ós que a gravar en ouro a hestoria espera!

¡Ergué mulleres a humildada frente,

que ó dos homes igual voso destino,
tendes cal eles, sonadora mente
que alenta o sopro do poder divino,
alma que, cal a deles, algo sente
de vértigos sin fin i ánseas sin tino,
i o mesmo curazón, que corre e corre,
e vai secando pouco a pouco e more!

¡O tempo todo o vira e todo o acaba,
con creenzas, pobos e costumes loita!
¡Noutra idade a muller era unha escrava,
suxeta a eterno dor i eterna coita,
dempois, viu que a egualdá se lle anunciaba,
hoxe da libertade a vos escoita!
¡Ben pode, pois, aló en lexano aurora,
a escrava de onte, amañecer señora!

RESUME

Dúas palabras direi
pra dar fin ó meu traballo.

Escoitádeme mulleres:
¡Si algún día non lexano,
a convencervos chegades
da egualdá de que vos falo,
sérvavos soilo, pra ver
nos homes, irmáns, non amos!
Pois, si orgullosas, queredes
en señoras levantarvos,
entón... ¡Probe humanidade!
¡Seus días serán cantados!
¡Que Dios botouvos á terra
pra que ós varóns axudando,
vós nunha esfera, eles noutra,
da vida o camiño amargo
siguírades os dous xuntos,
pro ningún dos dous escravo!
¡Sede, pois, acó no mundo,
do amor os tempos sagrados
lembranzas do paradiso
que para sempre deixamos!
¡Sede... os ánxeles benditos
costodios dos lares pétreos!

¡Adiós mulleres, eu fixen
vosa defensa con ánemo,

si mal defensor tivéchedes,
desculpade o seu pecado!
¡Que dempois que o gran Feijoo
sobre esto xa falou tanto,
outro que imitalo entente,
por forza ten que ser malo!
¡Pois si quer o voo das águilas
siguir o probe paxaro,
sente vértigos na altura...
e sin folgos, vense abaixo!